

RESOLUCIÓN DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DE VIGO POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA DO PERSOAL ESTATUTARIO FIXO DO ÁMBITO DE ATENCIÓN HOSPITALARIA, CORRESPONDENTE A DIVERSAS CATEGORÍAS DE PERSOAL SANITARIO DIPLOMADO E DE FORMACIÓN PROFESIONAL, E DE PERSOAL DE XESTIÓN E SERVIZOS.

Na disposición adicional quinta do Decreto 206/2005 de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde (DOG núm. 145, do 29 de xullo), que prevé a realización de procedementos de traslados internos, establécese que os órganos directivos das institucións sanitarias, baixo o principio de planificación eficiente das necesidades, procurarán que a localización do persoal dentro da institución sanitaria responda a criterios de obxectividade, igualdade e voluntariedade.

Tendo en conta a anterior normativa e con baseamento nos criterios reitores aprobados na Mesa Sectorial pola administración sanitaria e as organizacións sindicais con representación nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde de 29 de decembro de 2009 (modificados por acordo de 31 de xaneiro de 2014), así como no Acordo de Bases acadado na Comisión de Centro de atención especializada de 19 de xaneiro de 2018, e unha vez publicado o censo definitivo de persoal con destino consolidado por Resolución do 11 de marzo de 2021, cómpre neste intre proceder a convocar un concurso de mobilidade interna ordinaria que ordene a provisión de postos e permita a obtención de postos con destino consolidado nas distintas unidades e servizos do Complexo Hospitalario de Vigo.

Existindo postos vacantes para a súa provisión por traslados internos, previa negociación, tratamento e acordo cos representantes de persoal, de conformidade co Decreto 137/2019, de 10 de outubro (DOG num. 208, do 31 de outubro) polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Orde do 22 de abril de 2020 (DOG num. 82, do 29 de abril) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, e no Decreto 134/2019 do 10 de outubro (DOG núm. 204, do 25 de outubro), polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia, o xerente da área Sanitaria de Vigo,



RESOLVE:

PRIMEIRO.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. A presente resolución ten por obxecto a convocatoria do concurso de mobilidade interna voluntaria para a adxudicación de postos en destinos consolidados nas prazas básicas do cadro de persoal da Área Sanitaria de Vigo no ámbito de atención hospitalaria, nas diversas categorías incluídas no seu ámbito de aplicación.

2. O ámbito da convocatoria estenderase aos postos de traballo incluídos no Anexo I de postos ofertados, pertencentes ao Complexo Hospitalario de Vigo (en adiante CHUVI), nos centros que o conforman: Hospital Álvaro Cunqueiro, Hospital Meixoeiro, Hospital Nicolás Peña, Rebullón, Centro Integral de Saúde Taboada Leal, así como noutros centros dependentes do cadro de persoal de Atención Hospitalaria correspondentes a servizos da Área Sanitaria. Será de aplicación a diversas categorías de persoal sanitario (Enfermeira/o, Enfermeira/o Especialista en Saúde Mental, Fisioterapeuta, Logopeda, Terapeuta Ocupacional, TSLDC, TSID e TCAE) e de persoal de xestión e servizos (Grupo Auxiliar da Función Administrativa e Celador/a).

3. Poderá participar o persoal estatutario fixo de ditas categorías que reúna os requisitos esixidos nesta convocatoria e no seu acordo de bases. Con carácter extraordinario, poderá tamén concorrer o persoal funcionario de carreira que teña acadado o seu destino (coa praza en propiedade) no CHUVI.

4. A efectos desta convocatoria, e sen prexuízo de eventuais modificacións posteriores derivadas de procesos de reordenación asistencial ou reestruturación organizativa, enténdese por destino consolidado o dereito de adscrición a un posto de traballo nun determinado servizo ou unidade obtido mediante a participación nun concurso de mobilidade interna rexido por estas bases ou mediante outras formas de provisión con similares efectos de consolidación (mobilidade forzosa por reestruturación ou acceso a postos adaptados por quendas de discapacidade).

SEGUNDO.- REQUISITOS E CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

1. Poderá participar na convocatoria de mobilidade interna o persoal que reúna os seguintes requisitos:

1.1. Ter acadado a condición de persoal fixo con destino definitivo no Complexo Hospitalario de Vigo na correspondente categoría, cando menos, o último día do prazo de presentación de solicitudes.



1.2. Estar en situación de activo ou asimilada na correspondente categoría, de acordo co establecido na Lei 55/2003, do 16 de decembro, no Estatuto marco, de xeito que, de conformidade coas normas que regulen a dita situación administrativa, a persoa interesada goce de reserva de praza no centro correspondente.

1.3. A participación e adxudicación de postos no proceso extraordinario de mobilidade convocado no ano 2019 para a categoría de Enfermeira/o especialista en saúde mental non impide a participación nesta convocatoria.

2. Non poderá participar na convocatoria de mobilidade interna:

2.1. O persoal que ocupe unha praza ou posto de traballo en comisión de servizos, procedente de fóra do CHUVI.

2.2. O persoal do propio centro que se encontre en comisión de servizos de carácter voluntario fóra do CHUVI.

2.3. O persoal en situación de reingreso provisional no CHUVI.

2.4. O persoal adecuado en praza específica que accedeu pola queda de discapacidade, así como o que se atopa adecuado, conforme ao disposto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, por motivos de saúde con informe de aptitude médica definitivo, con limitacións permanentes. A este persoal se lle considerará consolidado.

3. Condicións específicas para determinados postos:

3.1. Para optar á adxudicación daqueles postos ofertados para os que así se determine no apartado do baremo relativo á puntuación adicional por experiencia ou formación especiais, será valorable o cumprimento das condicións específicas indicadas nel. Os postos ofertados en HADO teñen asociada a disposición de vehículo do servizo sen condutor/a.

3.2. Para optar á adxudicación de determinados postos singularizados ofertados no Anexo I correspondente que pertencen a unha mesma unidade funcional, se entende implícita a aceptación da dependencia orgánica e funcional do posto adxudicado respecto de dita unidade funcional a todos os efectos. Nesta convocatoria se entenden incluídos nesta consideración os postos singularizados ofertados na área de Admisión dentro de cada unha das unidades denominadas Secretarías, Secretarías Unificadas 1, Secretarías Unificadas 2, e Secretarías Servizos Centrais, do HAC, así como Secretarías Servizos Cirúrxicos e Secretarías Servizos Centrais, do Meixoeiro; así mesmo, o posto ofertado para Rexistro se entende adscrito á unidade funcional Rexistro da Área Sanitaria de Vigo.



TERCEIRO.- SOLICITUDES

1. Cada aspirante deberá cubrir unha única solicitude axustándose necesariamente ó modelo que será facilitado para tal efecto a través da oficina virtual do Profesional (FIDES/Expediente-e/procesos/mobilidade interna voluntaria), á que se accede seguindo as instrucións recollidas no Anexo IV, e logo de formalizar a solicitude electrónica deberá presentala en calquera dos rexistros da Área Sanitaria de Vigo no prazo que se inicia o día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria en DOG e que finaliza o día 6/09/2021.

2. Xunto coa solicitude impresa deberá presentarse o formulario cos postos solicitados de entre os ofertados, por orde de prioridade (1º, 2º, 3º,...), no modelo establecido a tales efectos para cada categoría no Anexo II. De non figurar elección de posto no formulario presentado, entenderase que se solicitan todos os convocados na súa categoría por orde de aparición na relación de postos da convocatoria.

3. Xuntaranse á solicitude os documentos que acrediten os méritos alegados polas persoas aspirantes que non estean validados no seu Expediente-e.

4. A antigüidade que se valorará será a que conste validada ou presentada no FIDES Expedient-e na data de finalización do prazo de solicitudes. Non obstante, para obter a puntuación prevista no apartado I.3 do baremo como puntuación adicional de experiencia para postos de áreas específicas ou que requiran nivel de cualificación, o aspirante deberá aportar xunto coa solicitude a certificación de servizos prestados nese área, emitida polo órgano competente; a non achega da mesma suporá que o mérito non sexa valorado.

5. Non se admitirán as solicitudes que conteñan algunha emenda, marca ou rascadura no formulario de participación e no de petición de prazas, así como en calquera dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos de participación. Non se admitirá ningunha modificación transcorrido o prazo de presentación de solicitudes.

6. Decaerán a todos os efectos as solicitudes admitidas presentadas polas persoas que deixen de reunir algún dos requisitos exixidos na convocatoria para participar no concurso con anterioridade á data da súa resolución definitiva.

7. A participación na mobilidade interna supón a aceptación voluntaria da regulación contida nesta convocatoria e no acordo de bases do 18/01/18.



CUARTO.- COMISIÓN DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA

1. Constituirase unha Comisión de Mobilidade Interna, de carácter paritario. Estará composta por oito membros, catro designados pola Comisión de Centro de entre os seus membros e catro nomeados pola Dirección, cos seus correspondentes suplentes. A presidencia da comisión será desempeñada pola Dirección de Recursos Humanos ou persoa na que delegue. Así mesmo, poderá designarse a un/unha traballador/a fixo/a do Complexo Hospitalario como Secretario/a (para quen tamén se nomeará suplente), actuando nese caso sen voz e sen voto.
2. No seu funcionamento, esta Comisión rexerese polo establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. As decisións adoptaranse por maioría simple de cada unha das partes, e en caso de empate dirimirase polo voto de calidade da presidencia.
3. Será incompatible a participación no proceso de mobilidade interna coa condición de membro desta Comisión.
4. A dita comisión terá entre as súas funcións:
 - a) A interpretación dos termos da convocatoria de mobilidade e a decisión acerca dos supostos sobre a materia que se puidesen producir e que non estivesen especificamente contemplados na mesma.
 - b) A avaliación das instancias presentadas e a elaboración das propostas á xerencia da resolución do proceso en cada unha das súas fases.
 - c) Calquera outra función que se lle asigne na normativa de aplicación.

QUINTO.- AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E BAREMO DE MÉRITOS

1. Os méritos suxeitos a avaliación serán os causados e acreditados polos aspirantes ata a data inmediatamente anterior á publicación no Diario Oficial de Galicia do anuncio indicativo da convocatoria.
2. Aos efectos da experiencia e permanencia, o persoal fixo con praza en propiedade nas categorías incluídas nesta convocatoria desempeñada en virtude dunha resolución de reclasificación derivada do Plan de Ordenación de RRHH de determinados servizos non clínicos da EOXI Vigo (DOG 24/07/15) polo que mudaron de categoría, entenderase como destino o da



categoría orixinaria, sempre que houbese permanecido adscrito de maneira continuada no seu posto de traballo.

3. As solicitudes serán avaliadas de conformidade co baremo incluído no Anexo III.

SIXTO.- DESENVOLVEMENTO E RESOLUCIÓN DO PROCESO DE MOBILIDADE

1. Logo da avaliación das instancias pola comisión de traslados internos, esta formulará á Xerencia unha proposta que incluírá as listaxes provisionais das persoas aspirantes admitidas e das persoas excluídas, indicando neste caso a causa da súa exclusión.

2. Outorgarase un prazo de 10 días hábiles para que as persoas interesadas poidan subsanar os erros detectados nas súas solicitudes causantes de inadmisión ou exclusión, unha vez transcorrido o prazo e resoltas as reclamacións publicarase a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas.

3. Unha vez realizada a baremación das persoas admitidas, coa puntuación provisional obtida e posto adxudicado, segundo a orde de prelación e maior puntuación entre os que compitan por cada posto, a comisión remitirá a proposta de resolución provisional á Xerencia, que será publicada mediante a devandita resolución nos taboleiros de anuncios e na intranet, abríndose un prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte á data da publicación, co fin de que as persoas interesadas poidan presentar a correspondente reclamación ante a Xerencia. As resolucións poderán publicarse por categorías na medida en que se vaian baremando.

4. Unha vez rematado o período de reclamacións, a comisión de mobilidade pronunciarase sobre elas e, en consecuencia, propondrá a resolución definitiva que será ditada e publicada pola Xerencia. Para estes efectos, a estimación ou desestimación das reclamacións presentadas, entenderase implícita na publicación da resolución definitiva.

5. A Xerencia publicará nos taboleiros de anuncios e na intranet a resolución pola que se declare rematado o proceso de mobilidade interna, facendo públicos os destinos adxudicados segundo a puntuación obtida. Dita resolución poderá publicarse por categorías na medida en que o seu proceso se vaia rematando.

6. Contra a citada resolución, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.



7. Os postos adxudicados serán irrenunciabes unha vez publicada a resolución definitiva.

SÉTIMO.- INCORPORACIÓNS E SAÍDAS

1. Co fin de evitar posibles trastornos nos distintos servizos do centro, a incorporación dos/das adxudicatarios/as aos seus destinos será realizada pola Dirección correspondente de xeito progresivo no tempo nun prazo non superior aos seis meses desde a data da resolución definitiva. Mentres tanto, a este persoal computaráselle para os efectos de antigüidade no servizo desde o día seguinte ao da data de publicación da resolución definitiva.

2. A incorporación ó novo posto será plenamente efectiva nas tarefas, responsabilidades, carteira de traballo e demais cuestións organizativas e profesionais. Non obstante, coa finalidade de facilitar a adaptación e/ou o coñecemento da unidade na que se obtivo destino na presente convocatoria, a Dirección correspondente, previa solicitude do/a interesado/a, habilitará formación tutelada a realizar previamente e fóra da súa xornada laboral.

3. No suposto de que a incorporación ao servizo/unidade dun ou máis adxudicatarios/as de destinos por resolución do procedemento de mobilidade interna implique o desprazamento de persoal do servizo/unidade, para determinar os postos que deberán saír da unidade seguirase o disposto no apartado segundo do Acordo asinado en data 29 de maio de 2017 entre a Xerencia e a Comisión de centro de atención especializada para reestruturación ou reordenación de servizos e unidades na ámbito de atención especializada.

OCTAVO.- PERDA DO POSTO ADXUDICADO NO PROCESO DE MOBILIDADE INTERNA

1. A praza ou posto adxudicado na convocatoria de mobilidade interna perderase polas seguintes causas:

- 1.1. Por obter destino noutra unidade do Complexo Hospitalario de Vigo.
- 1.2. Por perder a condición de persoal en activo, sempre e cando non se tivese dereito á reserva de praza na entidade mentres se permanece na nova situación.
- 1.3. Por ser destinado en comisión de servizos fóra do centro onde obtivo o posto adxudicado, durante un período superior a 6 meses.
- 1.4. Por reestruturación de postos na unidade de acordo coa normativa vixente.
- 1.5. Por revogación da adxudicación do posto obtido, no suposto de que a persoa adxudicataria denote unha manifesta e probada inadaptación ao posto, unha vez



transcorridos un máximo de tres meses desde a súa incorporación material e efectiva á unidade. Dita inadaptación deberá acreditarse en todo caso mediante informe emitido polo responsable da área correspondente, por propia iniciativa ou previa solicitude motivada da persoa adxudicataria.

- 1.6. Por ter sido emitido un informe de aptitude médica con limitacións non compatibles co posto adxudicado.
- 1.7. Calquera outra situación da que se desprenda a dita consecuencia, de acordo co establecido na normativa legal ou regulamentaria ou calquera outra que se acorde coa comisión de centro ou xunta de persoal.

2. Para a revogación do posto por inadaptación, ademais do informe preceptivo da persoa responsable da área correspondente, será necesario darlle trámite de audiencia á persoa interesada, que se entende cumprido si o procedemento de revogación se inicia pola súa propia solicitude motivada, requirir informe da unidade de prevención de riscos laborais, no seu caso, e someter a resolución a informe da comisión de mobilidade interna.

3. Dada a condición irrenunciante dos postos obtidos unha vez publicada a resolución definitiva no proceso de mobilidade, a revogación supón que ó/a profesional revogado/a se lle asinará un posto con carácter provisional a tódolos efectos, non tendo dereito de consolidación sobre o posto asignado nin sobre o posto de orixe. En todo caso, o/a profesional revogado/a poderá participar no seguinte proceso de mobilidade e o posto que ocupa considerase vacante (salvo no suposto de estar afectado por unha reserva) ós efectos da próxima oferta de mobilidade.

NOVENO.- RESERVA DE POSTO ADXUDICADO

1. Reservarase o posto adxudicado no proceso de mobilidade interna, sempre e cando a persoa adxudicataria estea prestando servizos en postos de xefatura ou coordinación, ou se encontre en calquera situación administrativa na que a normativa aplicable dispoña expresamente a tal reserva de posto (entre outros, nos supostos de permisos sen soldo, situación especial en activo o promoción interna temporal, ou de servizos especiais).

DÉCIMO.- MOBILIDADE POR RAZÓN DE SAÚDE

1. Todo aquel persoal fixo que, de conformidade co disposto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, veña desenvolvendo as súas funcións, por motivos de saúde con informe de aptitude médica con limitacións temporais, nun dos postos ofertados, estará obrigado a participar no procedemento de mobilidade interna solicitando o correspondente posto. Deberán marcar a casilla



correspondente no modelo de solicitude. O incumprimento desta obriga, segundo o disposto no artigo 8 da Orde de 16 de setembro de 2008, suporá a revogación automática do destino provisional desempeñado, que será posta en coñecemento da Unidade de Prevención de Riscos Laborais para os efectos de que, con carácter previo, asesore tecnicamente sobre a nova localización provisional do persoal afectado.

Por outra banda, non serán consideradas as solicitudes de participación nas que por parte do/a aspirante se soliciten postos que sexan incompatibles co seu informe de saúde, quedando sen efecto a solicitude do/s posto/s non compatible/s coas limitacións de saúde permanentes.

2. Á persoa interesada que non resulte adxudicataria dun posto neste proceso, logo da valoración da UPRL, e dos postos dispoñibles adxudicáraselle un novo posto provisional compatible cos seus requirimentos de saúde, consorte o procedemento para a adscrición de postos e condicións de traballo por razóns de protección de saúde regulado na orde do 16 de setembro de 2008.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes a partir do día seguinte da publicación do anuncio no DOG, nos termos previstos nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Asinado dixitalmente,


O xerente da Área Sanitaria de Vigo

Francisco Javier Puente Prieto

DILIXENCIA:

Para facer constar que o día 21 de xuño de 2021 publícase no DOG núm. 116 o anuncio da presente convocatoria, e procédese a súa publicación nos taboleiros de anuncios das oficinas da Dirección de Recursos Humanos da Área Sanitaria de Vigo e na páxina web do SERGAS
A directora de Recursos Humanos

María Cobas Brey



ANEXO I POSTOS OFERTADOS

CATEGORÍAS DE PERSOAL SANITARIO				POSTOS							
CENTRO ADSCRITO	UNIDADE	QUENDA	ESP	ENF	ESM	FISIO	T.OC	LOGO	TSID	TSLDC	TCAE
				482	23	30	5	3	37	74	428
H. ALVARO CUNQUEIRO	EA01 – DIXESTIVO	QRC		10							8
H. ALVARO CUNQUEIRO	EB01 – DIXESTIVO – CIR. XERAL	QRC		13							10
H. ALVARO CUNQUEIRO	EC01 – CIRURXÍA XERAL	QRC		5							5
H. ALVARO CUNQUEIRO	ED01 – UROLOXÍA – ORL	QRC		8							6
H. ALVARO CUNQUEIRO	EAB02 – TRAUMA – CIR. PLÁSTICA	QRC		12							18
H. ALVARO CUNQUEIRO	EC02 – NEUMOLOXIA	QRC		5							9
H. ALVARO CUNQUEIRO	ED02 – NEUROLOXÍA – ICTUS	QRC		7							8
H. ALVARO CUNQUEIRO	EE02 – NEUROLOXIA – UCE	QRC		8							6
H. ALVARO CUNQUEIRO	EF02 – NEUROCIRURXÍA – NEFRO	QRC		11							9
H. ALVARO CUNQUEIRO	ECD03 – MEDICINA INTERNA	QRC		22							24
H. ALVARO CUNQUEIRO	EA04 – C. INTERMEDIOS – CARDIO – CCA	QRC		6							5
H. ALVARO CUNQUEIRO	EB04 – CARDIOLOXIA – CCA	QRC		14							5
H. ALVARO CUNQUEIRO	EC04 – CIR. VASCULAR – CIR. TORACICA	QRC		7							9
H. ALVARO CUNQUEIRO	ED04 – XINECOLOXIA – XESTANTES	QRC		3							2
H. ALVARO CUNQUEIRO	EEF04 – OBSTETRICIA	QRC		10							5
H. ALVARO CUNQUEIRO	HADO – HOSPITALIZ. A DOMICILIO	QRS	(1*)	4							
H. ALVARO CUNQUEIRO	NEUROFISIOLOXIA	QFM									4
H. ALVARO CUNQUEIRO	NEUROFISIOLOXIA	QRC		3							
H. ALVARO CUNQUEIRO	CONSULTAS EXTERNAS	QFM		10							9
H. ALVARO CUNQUEIRO	CONSULTAS EXTERNAS (ULCERAS)	QFM	(2*)	1							
H. ALVARO CUNQUEIRO	CONSULTAS EXTERNAS (EII)	QFM	(3*)	1							
H. ALVARO CUNQUEIRO	GABINETES	QFM		7							
H. ALVARO CUNQUEIRO	PROBAS FUNCIONAIS CARDIO	QFM									1
H. ALVARO CUNQUEIRO	CCEE CARDIO	QFM		1							1
H. ALVARO CUNQUEIRO	RHB CARDIACA	QFM		1							
H. ALVARO CUNQUEIRO	ELECTROFISIOLOXÍA	QFM		2							2
H. ALVARO CUNQUEIRO	RADIOLOXIA	QRC		3					14		
H. ALVARO CUNQUEIRO	RADIOLOXIA	QRS		2					2		
H. ALVARO CUNQUEIRO	RADIOLOXIA	QFM							6		
H. ALVARO CUNQUEIRO	RADIOLOXIA	QFT							1		
H. ALVARO CUNQUEIRO	RESONANCIA MAGNÉTICA	QRS		4							

CATEGORIAS DE PERSOAL SANITARIO				POSTOS							
CENTRO ADSCRITO	UNIDADE	QUENDA	ESP	ENF	ESM	FISIO	T.OC	LOGO	TSID	TSLDC	TCAE
H. ALVARO CUNQUEIRO	RESONANCIA MAGNÉTICA	QRS-GL							3		
H. ALVARO CUNQUEIRO	EURG – URXENCIAS ADULTOS	QRC		59							34
H. ALVARO CUNQUEIRO	EURP – URXENCIAS PEDIÁTRICAS	QRC									3
H. ALVARO CUNQUEIRO	EUCP – UCI PEDIÁTRICA	QRC									1
H. ALVARO CUNQUEIRO	ERNP – NEONATOLOXÍA	QRC									3
H. ALVARO CUNQUEIRO	EEF03 PEDIATRÍA	QRC									9
H. ALVARO CUNQUEIRO	DIE – DIETÉTICA E NUTRICIÓN	QFM		1							
H. ALVARO CUNQUEIRO	EA03 – ONCOLOXÍA – RAD. INTERVEN	QRC		3							3
H. ALVARO CUNQUEIRO	EB03 – HEMATOLOXIA – TRANS. PRECURSORES	QRC		11							5
H. ALVARO CUNQUEIRO	ECIN – CARDIOLOXÍA INTERVENCIÓNISTA	QRC-GL		4							1
H. ALVARO CUNQUEIRO	HOSPITAL DE DÍA NEFROLÓXICO	QRC-GL		8							7
H. ALVARO CUNQUEIRO	HDD – HOSPITAL DE DÍA ONCO-HEMATOLÓXICO	QRS		5							2
H. ALVARO CUNQUEIRO	EMIV – MEDICINA INTENSIVA	QRC		42							33
H. ALVARO CUNQUEIRO	FARMACIA	QFM-F		2							
H. ALVARO CUNQUEIRO	S. TRANSFUSIÓN	QRC		3						13	
H. ALVARO CUNQUEIRO	S. TRANSFUSIÓN	QFM		1							
H. ALVARO CUNQUEIRO	HEMOTERAPIA	QFM		1							
H. ALVARO CUNQUEIRO	HEMATOLOXIA	QFM								5	
H. ALVARO CUNQUEIRO	ANÁLISES CLÍNICAS	QFM								1	
H. ALVARO CUNQUEIRO	ANÁLISES CLÍNICAS	QRC								13	
H. ALVARO CUNQUEIRO	MICROBIOLOXÍA	QRS								11	
H. ALVARO CUNQUEIRO	TECNICAS ENDOSCÓPICAS	QRC-GL		2							3
H. ALVARO CUNQUEIRO	EPA 1 – REANIMACION	QRC		27							13
H. ALVARO CUNQUEIRO	EPA 2 – URPA – REANIMACION	QRC		20							18
H. ALVARO CUNQUEIRO	QUIRÓFANO PROGRAMADO	QFM		16							4
H. ALVARO CUNQUEIRO	QUIRÓFANO PROGRAMADO	QFT									2
H. ALVARO CUNQUEIRO	QUIRÓFANO CIR. CARDÍACA	QRS-GL		3							1
H. ALVARO CUNQUEIRO	QUIRÓFANO PROGRAMADO	QRS		6							4
H. ALVARO CUNQUEIRO	QUIRÓFANO URXENCIAS	QRC-12		6							
H. ALVARO CUNQUEIRO	QUIRÓFANO URXENCIAS	QRC									8
H. ALVARO CUNQUEIRO	EEF01 – UHB PSIQUIATRIA	QRC			17						8
H. ALVARO CUNQUEIRO	USMI – USM INFANTO-XUVENIL	QFM									1
H. ALVARO CUNQUEIRO	PARITORIO	QRC-12									8
H. ALVARO CUNQUEIRO	FISIOTERAPIA	QFM				7					1
H. ALVARO CUNQUEIRO	RADIOLOXIA INTERVENCIÓNISTA	QRS									1

CATEGORIAS DE PERSOAL SANITARIO				POSTOS							
CENTRO ADSCRITO	UNIDADE	QUENDA	ESP	ENF	ESM	FISIO	T.OC	LOGO	TSID	TSLDC	TCAE
H. ALVARO CUNQUEIRO	RADIOLOXIA INTERVENCIONISTA	QRC-GL		5							
H. MEIXOEIRO	EM03 – XERIATRIA – ENDOCR – DERMA – RT	QRC		21							21
H. MEIXOEIRO	EM04 – HOSPIT. CIRÚRXICA	QRC		6							
H. MEIXOEIRO	EM05 – MEDICINA INTERNA	QRC		3							6
H. MEIXOEIRO	EM06 – MEDICINA INTERNA	QRC		5							9
H. MEIXOEIRO	CONSULTAS EXTERNAS	QFM		5							12
H. MEIXOEIRO	CONSULTAS EXTERNAS (DIABETES)	QFM	(4*)	1							
H. MEIXOEIRO	CONSULTAS EXTERNAS (LESIONADOS MEDULARES)	QFM	(5*)	1							
H. MEIXOEIRO	HDMM – HOSPITAL DE DIA MÉDICO	QFM		1							
H. MEIXOEIRO	ESTERILIZACIÓN	QRS		1							
H. MEIXOEIRO	ESTERILIZACIÓN	QRC									23
H. MEIXOEIRO	RADIOLOXIA	QFM							1		
H. MEIXOEIRO	RADIOLOXIA	QRS							2		
H. MEIXOEIRO	RESONANCIA MAGNÉTICA	QRS		2							
H. MEIXOEIRO	RESONANCIA MAGNÉTICA	QRS-GL							1		
H. MEIXOEIRO	MEDICINA NUCLEAR	QFM							1		
H. MEIXOEIRO	UDP CANCRO MAMA	QRS							3		
H. MEIXOEIRO	QUIRÓFANO PROGRAMADO	QFM		5							2
H. MEIXOEIRO	QUIRÓFANO PROGRAMADO	QRS		3							2
H. MEIXOEIRO	QUIRÓFANO – REA – S. TRANSF.	QRC		12							4
H. MEIXOEIRO	S. TRANSFUSIÓN	QRS		1							
H. MEIXOEIRO	LAB. URXENCIAS – S. TRANSFUSIÓN	QRC								4	
H. MEIXOEIRO	ANÁLISES CLÍNICAS	QFM								16	
H. MEIXOEIRO	UCMA – URPA – REA	QRS		8							4
H. MEIXOEIRO	MICROBIOLOXÍA	QFM								1	
H. MEIXOEIRO	MICROBIOLOXÍA	QRS								10	
H. MEIXOEIRO	FISIOTERAPIA	QFM				5					5
H. MEIXOEIRO	FISIOTERAPIA	QFT				2	1	1			1
H. NICOLÁS PEÑA	H. DIA PSIQUIÁTRICO	QFM					1				1
H. NICOLÁS PEÑA	RHM1-2	QRS			3						
H. NICOLÁS PEÑA	RHM1	QRC									3
H. NICOLÁS PEÑA	RHM2	QRC									3
H. NICOLÁS PEÑA	REH. PSIQ. - UCE	QRC			1						3
H. NICOLÁS PEÑA	USM LAVADORES	QFM			1						
H. NICOLÁS PEÑA	USM TABOADA LEAL	QFM			1						
H. NICOLÁS PEÑA	ENCC – PSIQ CONTINUIDADE COIDADOS	QFM									2

CATEGORIAS DE PERSOAL SANITARIO				POSTOS							
CENTRO ADSCRITO	UNIDADE	QUENDA	ESP	ENF	ESM	FISIO	T.OC	LOGO	TSID	TSLDC	TCAE
H. NICOLÁS PEÑA	REH. PSIQ. - UNIDADE RESIDENCIAL	QRC									2
H. NICOLÁS PEÑA	REHABILITACION PSIQUIATRICA	QFM					1				
H. NICOLÁS PEÑA	FISIOTERAPIA	QFM				4					
H. NICOLÁS PEÑA	FISIOTERAPIA	QFT				1					1
H. NICOLÁS PEÑA	LOGOPEDIA	QFM						1			
CIS TABOADA LEAL	FIV	QFM		1							
CIS TABOADA LEAL	CONSULTAS EXTERNAS	QFM		1							
CIS TABOADA LEAL	RADIOLOXIA	QRS							3		
CIS TABOADA LEAL	FISIOTERAPIA	QFM				6	1				2
CIS TABOADA LEAL	FISIOTERAPIA	QFT				5	1	1			3

QUENDA	CLAVE
FIXA MAÑÁN	QFM
FIXA MAÑÁN (CON S/D/F)	QFM-F
FIXA MAÑÁN (CON GARDA LOC)	QFM-GL
FIXA TARDE	QFT
ROTATORIO SIMPLE	QRS
ROTATORIO SIMPLE (CON S/D/F)	QRS-F
ROTATORIO SIMPLE (CON GARDA LOC)	QRS-GL
ROTATORIO COMPLEXO	QRC
ROTATORIO COMPLEXO (12 HS)	QRC-12
ROTATORIO COMPLEXO (CON GARDA LOC)	QRC-GL

CONDICIÓNS ESPECÍFICAS	LENDAS
VEHÍCULO DO SERVIZO SEN CONDUTOR/A	(1*)
ULCERAS	(2*)
ENFERMIIDADES INFLAMATORIAS INTESTINAIS	(3*)
DIABETES	(4*)
LESIONADOS MEDULARES	(5*)

CATEGORÍAS DE PERSOAL DE XESTIÓN E SERVIZOS			POSTOS	
CENTRO ADSCRITO	UNIDADE	QUENDA	AAD	CEL
			83	196
H. ALVARO CUNQUEIRO	ADMISIÓN CENTRAL	QRS-F	7	
H. ALVARO CUNQUEIRO	ADMISIÓN CENTRAL	QFM-F	3	
H. ALVARO CUNQUEIRO	ADMISIÓN URXENCIAS	QRC	2	
H. ALVARO CUNQUEIRO	SECRETARÍAS (Cardioloxía)	QFM	1	
H. ALVARO CUNQUEIRO	SECRETARÍAS (Hematoloxía)	QFM	1	
H. ALVARO CUNQUEIRO	SECRETARÍAS UNIFICADAS 1 (Traumatoloxía)	QFM	1	
H. ALVARO CUNQUEIRO	SECRETARÍAS UNIFICADAS 2 (M.Interna)	QFM	1	
H. ALVARO CUNQUEIRO	SECRETARÍAS E S. CENTRALES (Farmacia)	QFM	2	
H. ALVARO CUNQUEIRO	SECRETARÍAS E S. CENTRALES (Farmacia)	QRS	3	
H. ALVARO CUNQUEIRO	SECRETARÍAS E S. CENTRALES (Pool)	QRS	2	
H. ALVARO CUNQUEIRO	CITA PREVIA	QRS	3	
H. ALVARO CUNQUEIRO	CITA PREVIA	QFM	3	
H. ALVARO CUNQUEIRO	CITA PREVIA	QFT	1	
H. ALVARO CUNQUEIRO	CITA PREVIA (Pool XINE-COF)	QFM	2	
H. ALVARO CUNQUEIRO	COF COIA	QFM	1	
H. ALVARO CUNQUEIRO	RADIOLOXIA	QRS	1	
H. ALVARO CUNQUEIRO	RESONANCIA MAGNÉTICA	QRS	1	2
H. ALVARO CUNQUEIRO	INFORMACIÓN	QRS		4
H. ALVARO CUNQUEIRO	CCEE – GABINETES	QFM		6
H. ALVARO CUNQUEIRO	HOSPITAL DE DÍA (ONCO-HEMATOLOXICO)	QFM		1
H. ALVARO CUNQUEIRO	FARMACIA	QFM		4
H. ALVARO CUNQUEIRO	PARTOS	QRC		4
H. ALVARO CUNQUEIRO	QUIROFANO	QRC		1
H. ALVARO CUNQUEIRO	QUIROFANO	QFM		1
H. ALVARO CUNQUEIRO	RADIOLOXIA	QFM		1
H. ALVARO CUNQUEIRO	RADIOLOXIA	QRC		8
H. ALVARO CUNQUEIRO	REANIMACION	QRC		5
H. ALVARO CUNQUEIRO	REANIMACION	QRS		1
H. ALVARO CUNQUEIRO	RECU CARDIACA	QRC		7
H. ALVARO CUNQUEIRO	SERVIZOS XERAIS	QRC		55
H. ALVARO CUNQUEIRO	SERVIZOS XERAIS – APOIO	QRS		2
H. ALVARO CUNQUEIRO	TRANSPORTE INTERNO	QRS		5
H. ALVARO CUNQUEIRO	UCI	QRC		3
H. ALVARO CUNQUEIRO	URXENCIAS ADULTOS	QRC		46

CATEGORÍAS DE PERSOAL DE XESTIÓN E SERVIZOS			POSTOS	
CENTRO ADSCRITO	UNIDADE	QUENDA	AAD	CEL
H. ALVARO CUNQUEIRO	URXENCIAS PEDIÁTRICAS	QRC		2
H. ALVARO CUNQUEIRO	ESTERILIZACIÓN	QRC		5
H. MEIXOEIRO	ADMISIÓN/UCMA	QRS-F	2	
H. MEIXOEIRO	ADMISIÓN CENTRAL	QFM-F	1	
H. MEIXOEIRO	ADMISIÓN CENTRAL	QRS-F	1	
H. MEIXOEIRO	CITAS	QRS	4	
H. MEIXOEIRO	S. CENTRAIS (Radioloxía)	QRS	1	
H. MEIXOEIRO	S. CENTRAIS (Rehabilitación)	QFM	1	
H. MEIXOEIRO	S. CENTRAIS (Secretaría unificada)	QFM	1	
H. MEIXOEIRO	S. CENTRAIS (Farmacia)	QFM	1	
H. MEIXOEIRO	QUIROFANO	QRS		3
H. MEIXOEIRO	SERVIZOS XERAIS	QRC		23
H. MEIXOEIRO	SERVIZOS XERAIS	QFM		2
H. MEIXOEIRO	SERVIZOS XERAIS – ESTERILIZACIÓN	QFT		1
H. NICOLÁS PEÑA	XEC – FACTURACION E INGRESOS	QFM	4	
H. NICOLÁS PEÑA	XEC – CONCERTOS E PRESTACIÓNS	QFM	2	
H. NICOLÁS PEÑA	APROVISIONAMENTO	QFM	3	
H. NICOLÁS PEÑA	INVENTARIO	QFM	2	
H. NICOLÁS PEÑA	CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA	QFM	2	
H. NICOLÁS PEÑA	MANTEMENTO	QFM	2	
H. NICOLÁS PEÑA	USM ADULTOS	QFM	1	
H. NICOLÁS PEÑA	UTB	QFM	1	
H. NICOLÁS PEÑA	SERVIZOS XERAIS	QRC		3
CIS TABOADA LEAL	POOL S.MENTAL-FIV	QFM	1	
E.A. GARCIA BARBÓN	REXISTRO E INFORMACIÓN	QFM	1	
E.A. GARCIA BARBÓN	RRHH	QFM	5	
H. REBULLÓN	ARQUIVO	QRS	12	

QUENDA	CLAVE
FIXA MAÑÁN	QFM
FIXA MAÑÁN (CON S/D/F)	QFM-F
FIXA TARDE	QFT
ROTATORIO SIMPLE	QRS
ROTATORIO SIMPLE (CON S/D/F)	QRS-F
ROTATORIO COMPLEXO	QRC

ANEXO II
MODELO DE SOLICITUDE DE POSTOS

CATEGORIA ► **ENFERMEIRO/A**

NOME E APELIDOS ► _____

NIF ► _____ DATA ► _____

SOLICITO OS POSTOS QUE MARCO, POR ORDEN DE PREFERENCIA:
(INDICAR NA COLUMNA "ORDEN" OS POSTOS SOLICITADOS POLO NUMERO DE ORDEN PREFERIDO: 1, 2, 3, 4...)

ORDEN	CÓDIGO	CENTRO	UNIDADE	QUEMADA	POSTOS
	EN0102021	H. ALVARO CUNQUEIRO	EA01 - DIXESTIVO	QRC	10
	EN0102421	H. ALVARO CUNQUEIRO	EB01 - DIXESTIVO - CIR. XERAL	QRC	13
	EN0102721	H. ALVARO CUNQUEIRO	EC01 - CIRURXÍA XERAL	QRC	5
	EN0103221	H. ALVARO CUNQUEIRO	ED01 - UROLOXÍA - ORL	QRC	8
	EN0102321	H. ALVARO CUNQUEIRO	EAB02 - TRAUMA - CIR. PLÁSTICA	QRC	12
	EN0102621	H. ALVARO CUNQUEIRO	EC02 - NEUMOLOXÍA	QRC	5
	EN0103321	H. ALVARO CUNQUEIRO	ED02 - NEUROLOXÍA - ICTUS	QRC	7
	EN0103521	H. ALVARO CUNQUEIRO	EE02 - NEUROLOXÍA - UCE	QRC	8
	EN0103921	H. ALVARO CUNQUEIRO	EF02 - NEUROCIRURXÍA - NEFRO	QRC	11
